

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ORDES

Nomeamento funcionario de carreira

RESOLUCION Nº 633/2023

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO ACCESO POR PROMOCIÓN INTERNA A UNHA PRAZA DO CORPO DA POLICÍA LOCAL, ESCALA BÁSICA, CATEGORÍA DE OFICIAL, GRUPO C, SUBGRUPO C1. NOMEAMENTO COMO PERSOAL FUNCIONARIO DE CARREIRA

EXPEDIENTE: 2023/G003/000647

ANTECEDENTES-FUNDAMENTOS XURÍDICOS:

O acceso á categoría de oficial realizarase por promoción interna, mediante concurso-oposición, entre o persoal do corpo que teña un mínimo de tres anos de antigüidade na categoría de policía y estea en posesión da titulación académica de acceso á categoría (art. 37.a da Lei 4/2007, de 20 de abril).

Con data 18 de novembro de 2022 publicouse no BOE nº 277, de data 18/11/2022, a resolución da Alcaldía de convocatoria do proceso selectivo para cubrir unha praza de persoal funcionario de carreira vacante no cadro de persoal do Concello de Ordes do ano 2022, incluída na oferta de emprego público do ano 2021 (Expdte. 2022/E001/000011), que é a seguinte: Grupo, segundo o artigo 76 do Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público: C. Subgrupo C1. Clasificación: escala de administración especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría: oficial. Número de vacantes: 1. A cubrir mediante promoción interna.

Finalizadas as probas selectivas polo Tribunal, con data 16/01/2023, comunicouse a persoa que superou o proceso selectivo: IVAN OTERO IGLESIAS, con DNI núm. ***1712**.

Unha vez acreditada a posesión dos requisitos esixidos pola Base 2.1 reguladora desta convocatoria (BOP nº 208, de data 03/11/2022), a persoa aspirante anterior foi nomeada persoal funcionario en prácticas mediante resolución da alcaldía nº 75/2023, de data 19/01/2023, que se publicou no Boletín Oficial da Provincia (BOP nº 17, de data 25/01/2023).

Na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP) do 10/03/2023 ao 27/04/2023 desenvolveuse o Curso selectivo para o acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local convocado por Resolución de 09/02/2023 (DOG nº 33, de data 16/02/2023).

Con data 27/04/2023 polo Sr. Director Xeral da Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP), emitíuse informe a este Concello certificando a superación por Iván Otero Iglesias, con DNI nº ***1712**, o Curso selectivo para o acceso á escala básica, categoría de oficial dos corpos da policía local convocado por Resolución de 09/02/2023 (DOG nº 33, de data 16/02/2023, a efectos de que poida procederse ao seu nomeamento como persoal funcionario de carreira e á toma de posesión na praza ou posto concreto.

No uso das competencias atribuídas polo artigo 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, **RESOLVO:**

1. Nomear funcionario de carreira do Concello de Ordes da Escala de Administración Especial, Subescala de Servizos Especiais, Clase Policía Local (Corpo Policía Local, Escala Básica, Categoría Oficial):

Iván Otero Iglesias, con DNI nº ***1712**.

2. De acordo co disposto no artigo 62.1.c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, para adquirir a condición de funcionarios de carreira deberán prestar acto de acatamento da Constitución, de conformidade co establecido no Real Decreto 707/1979, do 5 de abril, e tomar posesión dos seu destino no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución no Boletín Oficial da Provincia.

En Ordes, 02-05-2023

O Alcalde-Presidente

José Luis Martínez Sanjurjo

O Secretario

Juan Luis González Iglesias